

Desexámosvos...

un bo
libro
e
unhas lectoras
vacacións.



Nadal 2012

DENDE A
BIBLIOTECA
ESCOLAR
“PAULA
CARBALLEIRA”



3º CICLO E.PRIMARIA

PENSANDO
“NESA”
CARTA, CORREO
ELECTRÓNICO, SMS,
WHATSAPP ...

que tod@s pensades escribir ...



... a todo ser capaz de manter a máxica xenerosidade dun agasallo nestes tempos tan difíciles, pois de novo

suxerencias para pedichonear, pensando que se vos poñedes de acordo cos/as amiguet@s, logo podeades compartir:

• **A vaca caníbal-Marilar Aleixandre-Galaxia:**

Saberás neste libro retranqueiro, crítico e divertido,das vacas exemplares con todos os seus coñecementos; das súas aventuras e as teimas de cada unha, que non son poucas.



• **Letras de xeo-Pereldi Everest:** Coa axuda da súa compañeira Xela e de Matilde, a policía,Lois terá que resolver o misterio das cinco letras que atopa nunha noite de treboada, coas que só pode compoñer a palabra CRIME



• **Bandeiras negras-A.M.Galego-Baía:** Lémbraste de Long J.Silver da Illa do Tesouro? Sabías que estaba casado cunha muller negra?.Que fora unha escrava? Ser muller e negra no s.XVIII non era unha vantaxe.Arríscate a saber das aventuras desta muller.Volven @s piratas!!!

• **Miña casiña, meu lar-Rosalía de Castro-Tambre:**

Unha coidadosa selección de poesías cunha non menos coidada presentación.Un libro para conservar na túa biblioteca persoal e disfrutalo en moitas, moitas lecturas. Na mesma colección(Ardentía) Dun tempo e dunha terra, de Celso Emilio Ferreiro.



• **A verdadeira historia da mosca da tele-MªSolar-Galaxia:** Unha mosca que quer ser famosa e non fai mais que coarse nos programas da tele de maior audiencia. Claro que ten algúns problemas, porque todos queren desfacerse dela.Será por fin unha grande estrela da pequena pantalla?



Papás,mamás,prof@s,avós, avoas e persoas adultas en xeral

• **As leis fundamentais da estupidez humana-**



C.M.Cipolla-Rinoceronte: Para reflexionar, para comprobar,porque tod@s recoñecemos no noso entorno que si, que é o grupo máis poderoso.Dixo alguén:"En dúas palabras : im perdible".

• **Tonas de laranxa-María e Manuel Lorenzo-**

Xerais:Nunha linguaxe fermosa,a xeito de conto,esta historia que son moitas, de amor (tamén alén da morte), fantasía,viaxes,relaxos...o arume de Moreira e os seus habitantes permanecerá no teu maxín moito tempo



• **50 cosas que no soporto de mis hijos adolescentes-**



A.Galán-Everest: Se @ teu/túa primeir@ fill@ está en 5º/6º non podes perderte este libro.Ou se está en infantil e queres ir preparándote.En clave

de humor, sen base científica algunha...pero absolutamente real.Recoñéceste? E ti,que adolescente eras?

E se che gusta a banda deseñada:**Ardalén-M.A.Prado-Patito Editorial,sobre a memoria e a identidade.**

